

## Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo un dossier editado pola asociación ecoloxista ADEGA e máis polo colectivo Mariña Patrimonio, a industria madeireira está a provocar graves danos en 40 xacementos arqueolóxicos de toda a comarca da Mariña. Estas accións, relacionadas coa explotación forestal do eucalipto, estiveron provocadas por plantacións, cortas, aperturas de pistas e rozado con maquinaria pesada, e afectan a mámoas, abrigos paleolíticos, castros e restos medievais dos concellos de Abadín, Lourenzá, O Vicedo, Alfoz, Mondoñedo, Viveiro, Barreiros, Trabada, Xove, Foz, Valadouro e Friol.

O Dossier está ben documentado, coa localización e fotografías das agresións e constatan que tanto a industria como a Xunta deben dar explicacións, especialmente esta última dada a súa responsabilidade no que respecta ao coidado do patrimonio público galego.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Que vai facer a Xunta de Galicia perante estas agresións ao patrimonio arqueolóxico galego?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 03/06/2016 09:38:46**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 03/06/2016 09:39:03**

**Ramón Vázquez Díaz na data 03/06/2016 09:39:07**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 03/06/2016 09:39:10**

**Eva Solla Fernández na data 03/06/2016 09:39:14**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 03/06/2016 09:39:18**